

Cando miramos nos dicionarios o termo condición remítenos a conceptos como "clase", "categoría"... Parece que esa presenza ou ausencia do "status" de catedrático e produto máis de unha tradición, de supostos aspectos de prestixio académico e sobre todo de dereitos adquiridos e xerarquización do colectivo de profesores que razóns de eficacia educativa.

## Cátedras, rancio sabor

□ *Ista condición é un vestixio de antigos e caducos contextos sociais*

Non deberían ser en ningún caso estas as razóns nas que fundamentar a organización escolar e a docencia. A condición de catedrático, é un elemento perturbador para o bo funcionamento dos centros docentes. Divide, xerarquiza e enfrenta. E un vestixio dos antigos e caducos contextos sociais que comprendería abolir definitivamente. Deica a entrada en vigor da LOGSE, nos ensinos de réxime xeral, existía o corpo de catedráticos de Bachelarelato. Non existía un corpo de idéntica denominación na Formación Profesional; os profesores numerarios de Escolas de Maestría Industrial constituían o seu máximo escalafón. Os motivos poden ser múltiples, pero un, e non desprezable, é o desigual renome e sona de un e outro tipo de ensino, así como a dos seus destinatarios e o seu futuro profesional e social.

A ningun dos defensores de tan benemérito corpo e/ou condición, se lle ten pasado pola imaxinación a extensión da convocatoria a mestres de taller, profesores

de preescolar e educación infantil. Cando tal proposta se fixo foi considerada "como un insulto al saber" (sic).

Cando os estudos de bachelarelato eran estudos de minorías, impartidos por minorías, as cátedras, asentadas nas grandes cidades, acadaron o seu máximo esplendor. En palabras de un opositor de cátedras: "só estas e as de Notaría podían chamarse dese xeito".

Desgraciadamente para algúns, o bachelarelato xa o estudia caseque todo o mundo, e dado que xa ata nas vilas máis pequenas hai un instituto, as cátedras de instituto, teñen perdida a súa rancia aureola e o lexislador nun sí pero non, rebaixounos de "corpo" a "condición". Somentes libran de tal rebaixa o "Corpo de Catedráticos de Música e Artes Escénicas", ó quedar revestidos polos honores e rangos propios da Universidade o equiparar os estudos que imparten as licenciaturas. Certamente, tanto a Administración como os defensores



As cátedras de instituto teñen perdida a súa rancia aureola.

de tan postmoderno "status", alegan razóns de peso. (¿Cómo non recoñecer a especial valía e mérito dentro dun corpo?, ¿que incógnitas vai ter o coitado do profesorado? Estes argumentos usados de forma demagógica caesen por si mesmos en canto miramos os baremos para o acceso a tal "condición". A realidade que acostuma ser máis persistente que os discursos, (aínda de os máis pretendidamente racionalizadores) e os baremos deixan claro que o que se avalira como

mérito é todo menos o que teña que ver coa docencia, co traballo de aula ou centro.

A mensaxe que se lle transmite o profesorado e tan sinxela como efectiva "adicate a acumular titulacións, publicacións e outros méritos e pasa da aula e dos alumnos e do centro, porque iso non é valorado". Nesta feira das miserias, de xustificar o inxustificable, leva o premio esta argumentación: a) defendemos a existencia do corpo ou condición de catedráticos; b) estamos polo corpo único.

ERGO. Pedimos que tódolos profesores se fagan catedráticos. E pena que a lei só autorice un 30% das plantillas. Aínda que gracioso, desgraciadamente non é novedoso. Un coñecido político -Lerroux- xa o utilizaba no ano trinta, cando decía que el era socialista, pero non estaba polo socialismo de alpargata, por iso defendía os patróns e non os sindicalistas. ¿El quería que todos fosen patróns!, igoaliño, igoaliño que pasa agora...pero esas son outras "condicións".

□ D.C.

## Interinos: ¿incertidume?

A situación non pode ser máis confusa. ¿Qué vai ocorrer con sistema de acceso a función pública ocorrido o pasado ano? nin tribunais de xusticia nin as propias Administracións son capaces de aclaralo.

A LOGSE establece un prazo de tres convocatorias extraordinarias (91, 92, 93) de acceso a docencia pública.

A convocatoria do 91 consensuada por CC.AA, MEC, CC.OO. e AMPE coa retirada de STEs, UGT e CSIF orixinou os primeiros síntomas dun conflito que nestes momentos está pendente da resolución do Tribunal Supremo. O punto polémica da cuestión radica na valorización da experiencia profesional na rede pública.

As sentencias deica agora son contradictorias, creando confusión e ansiedade e o peor, despidos do profesorado. Así, mentras en Andalucía o Tribunal Superior de Xustiza entra a valorar cantos puntos se lle debe adjudicar a experiencia (A próxima vez será mellor negociar os baremos cos tribunais e non co MEC) e modifica a oposición, no mesmo sentido pronuncia sentenza a Tribunal Superior de Xustiza de Valencia.

### Novas sentencias

Pola contra o Tribunal Superior de Xustiza de Canarias, considera legal o sistema de acceso. Pouco a pouco iranse producindo novas sentencias entre elas a do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Na reunión da Mesa Sectorial de Educación celebrada o día 6 de marzo, o MEC coa anuencia de CC.OO. e AMPE decidiu convocar oposición para o

ano 92 co mesmo decreto de acceso que o do ano 91.

Ahora ben, non garante a súa validez xurídica a que supedita o que no seu día resolva o Tribunal Supremo.

Nas comunidades de Andalucía, País Valenciá, Canarias e Cataluña os conselleiros teñen anunciado que non haberá oposición ata que falle o Tribunal Supremo. En Euskadi seguirán conxeladas. ¿En Galicia? Non sabe non contesta. ¿Convocaranse este ano oposicións en Galicia? Esta é a pregunta do millón.

### O problema da estabilidade

Pero, convoquense ou non oposicións, o encadenamento de sucesivos acordos insatisfactorios, ten complicado a búsqueda de vías de solución ó problema da estabilidade e dereitos laborais dos interinos, así como o acceso a función docente.

O pacto do 90 sobre estabilidade xenerou división no colectivo ó crear grupos con dereitos diferenciados, condicións de maior precarización para os colectivos novos, así como dificultades para o acceso de una parte dos mesmos.

A isto, engadeselle a firma de un sistema transitorio de acceso, que deixa insatisfeitos a todos. A posibilidade de acceder por concurso de méritos, prevista na Lei 30/84 da Reforma da Función Pública segue aberta.

Hoxe por hoxe, o conflito segue aberto e a solución parece lonxana. Unha nova convocatoria de folga apareca para o día 7, para un colectivo co traballo precarizado, o acceso nos tribunais e o futuro,.... o futuro incerto.



A estas alturas resulta xa típico o considerar ó profesorado como o elemento clave da reforma educativa emprendida polo MEC. Non sei se poderemos con tanta responsabilidade. Coa finalidade de situar a realidade de partida dese profesorado, presentamos hoxe un conxunto de reflexións sobre os temas que parecen preocupar mais o colectivo docente, pois están a ser motivo de conflito entre docentes e administracións educativas.

Os traballadores e traballadoras do ensino dentro da súa diversidade teñen en común un forte sentido de profesionalidade e son especialmente sensibeis a valoración social da mesma, e na medida que esa valoración está moi relacionada con cuestións retributivas, resulta moi sensible a todo tipo de agravios comparativos. Mais con todo non é esta nin moito menos a súa preocupación fundamental, como están a demostrar numerosos estudos sociolóxicos propiciados dende as mais diversas instancias.

A Reforma educativa desenrola unha teoría que na práctica non vai acompañada por inversións nin polas medidas que o profesorado considera mínimas para unha docencia de calidade da que se sinte especialmente responsable nun dobre sentido. Como profesional porque sinte especialmente a calidade do seu traballo. Como intermediario entre as políticas educativas e os cidadáns, porque lle toca dala cara das deficiencias e carencias das administracións educativas.

Presentamos hoxe tres elementos importantes da problemática do profesorado. A xornada escolar, a xerarquización docente co tema das cátedras e a precariedade do emprego dun sector do profesorado como son os interinos.

Existen evidentemente outros temas de preocupación. Temos tratado de xeito aínda monográfico temas como a formación do profesorado que están a ser tamén un dos elementos centrais do debate é que prometemos adicar novos números deste suplemento. Esperamos que o eiquí exposto sirva para un debate constructivo e para avanzar na mellora do ensino.

Os acordos de novembro do 88 logo da folga longa e os distintos avatares sucedidos, senalaban no seu Capítulo VIII e no referente a xornada e calendario escolar:

"O MEC e os Sindicatos do Ensino Público negociaran no prazo máximo de 3 meses os seguintes aspectos da xornada docente:

1. Elaboración de unha norma que derogue a O.M. 31-8-87 pola que establece a xornada laboral do profesorado.

2. Xornada continuada. Este punto deberá ser analizado con todos os compoñentes da Comunidade Escolar e, no seu caso coas Administracións locais.

Nos acordos firmados en Gali-

cia o compromiso ía no mesmo camiño. Durante o curso 89 aceptouse que algúns centros con carácter experimental puxeran en marcha a "xornada única" tanto porque así o solicitaron en algúns casos, como porque funcionáron dous centros en un mesmo edificio. Non se sabe por que razóns a Consellería parou "experiencia" e dende entón non se concede xornada única salvo que por "necesidade" teñase que dobrar turno. A orixen do parón pode estar na O.M. de 9/6/89 nas que o MEC regula as actividades escolares do EXB e no seu apartado 1.1 di "Dito horario desenrolarse sempre en sesións de mañá e tarde, co intervalo de polo

menos dúas horas entre ambas". Claro que como a Consellería ten "plenas competencias" todo o dito non é mais que unha pura casualidade.

#### Recupera-lo debate

Durante o ano 90 e 91 a Confederación de STES e no marco das condicións que a implantación da LOGSE impón no referente a autonomía dos centros, para establecer o plan educativo de centros e polo mesmo de xornada escolar reabre o debate con propostas de xornada continuada para a escola na filosofía sempre defendida de escola pública a tempo pleno moi lonxe de propostas corporativistas de xornada única ou de discursos "stajnovistas" rancios.

Así consíguese que en Canarias se firme un acordo que reconece a soberanía das Comunidades Escolares para establecer o tipo de xornada que consideren oportuno e a obriga da Administración de correr coa financiación das actividades extraescolares necesarias.

En Andalucía outra proposta de "Xornada a Carta" é rexeitada en referendun polo profesorado apesar do cal é firmada por CC.OO. e AMPE e posta en execución pola Consellería de Educación.

No País Valenciá, o debate aberto nos Consellos Escolares Municipais impulsado dende o Consello Escolar Valenciano concluirá antes de rematar o curso, con un documento conxunto a plantexar a Administración autonómica.

O nove de xaneiro reclamouse por escrito o secretario de estado para Educación a apertura da Mesa Sectorial de negociación. E na constitución da nova Mesa de Ensino en Santiago esta semana volvese a plantexar a Consellería a necesidade de encetar conversacións sobre o tema.

#### Millorar a escola

Tratase en definitiva de mellorar a Escola pública, rescatando a autonomía para a orgaización

# Xornada escolar: ap

□ DAVII



#### O profesorado é moi sensible ós agravios retributivos.

escolar dos centros, e comprometendo as administracións no financiamento da formación de toda a comunidade e de mellorar servizos e instalacións buscando a integración plena da escola na comunidade.

O Sistema Educativo no Estado, e como consecuencia en todas as comunidades autónomas está encorsetado por unha parte rede de leixes, ordenes, decretos e circulares que regulamentan a practica totalidade das relacións de ensino aprendizaxe.


A LOGSE parecía traer unha nova filosofía que aseguraba unha devolución as comunidades educativas certo protagonismo e autonomía xa que sin ela resulta

difícilmente comprensible un Proxecto Educativo de Dentro, do que en boa medida toda organización escolar é subsidiaria.


Compre entender pois, que, a Xornada Escolar é unha variable mais coa que a comunidade educativa debe xogar de cara a unha optimización dos procesos educativos escolares. Esta e non outras deberá ser a base para a súa formulación.

#### A Xornada

Somos conscientes que no tema de xornada existen unha serie de intereses contrapostos dos distintos estamentos educativos. Para moitos profesores falar de




O profesorado síntese responsable da calidade da docencia.



A xornada continuada no ensino ten intereses contrapostos.

# Antes para un debate

CORTON



xornada continuada é un xeito de mellorar as súas condicións laborais e incluso poder atender a súa formación continuada, o cal resulta obviamente lícito. Para os pais falar de xornada continuada sen mais, presenta o inconveniente de crear problemas pola non coincidencia de horarios laborais e escolares.

Para a administración, se ben por unha banda ve un aforro en servizos de comedor, transporte, etc., por outra banda teme que a devolución de certa soberanía as comunidades educativas supoña o inicio dun camiño sen retorno na perda da capacidade de control e supervisión creada pos situacións felizmente superadas.

Frente a todos estes problemas, imponse un debate racional e sereno, encamiñado a considerar situacións concretas de xeito individualizado. Estamos pola escola a "tempo pleno" é dicir unha escola en servizo permanente a comunidade da que é parte integrante. Non ten sentido de que infraestructuras culturais, deportivas, educativas teñan horarios e uso restrinxido namentras sectores sociais enteiros sofren as carencias desta dotación ou teñen que recurrir a pagalas en entidades privadas co que o seu disfrute non é posible para o conxunto dos cidadáns. E por iso que o STEG, sempre considerou que a xornada continuada e parte dun



novo modelo de Organización Escolar que poida dar resposta as demandas da comunidade.

Esta nova organización debe considerar ó noso entender as seguintes premisas.

- A autonomía das Comunidades Educativas de cara a establecer en decisións democráticas a utilización e xornada de escola que estimen mais convinte en diálogo aberto con todos os sectores implicados.

- Do anterior resulta obvio que os horarios dos e das traballadoras non ten por que coincidir co horario do alumnado e co horario do centro.

- Os centros deben permanecer abertos o tempo que a comunidade o demanda para o seu uso ofrecendo todos os servizos necesarios.

- A administración debe extender a oferta de Comedores Escolares a todos os centros que así o demanden sendo xestionados pola comunidade e atendidos por personal específico.

- As Administracións públicas deben garantir a todos os cidadáns o funcionamento das actividades extracurriculares, culturais e deportivas que sexan necesarias.

- Debe contribuírse a igualdade da oportunidade educativa para todos os cidadáns actuando de xeito compensatorio.

- Deben mellorarse as condicións de traballo do profesorado persoal especializado a persoal non docente, para optimizar e sacar o maior rendimento a súa labor.

É preciso que a Administración Educativa e a Sociedade en xeral entendan que unha parte importante e sustancial da formación do profesorado só é posible no marco do seu horario lectivo. O carácter singular crítico e creador da actividade na aula e da súa práctica docente en xeral, así como a necesidade non só de comprender e interpretar unha realidade tremendamente dinámica senon de intervir sobre ela requiren o desenvolvemento de un tipo de coñecemento profesional peculiar e complexo, e a continua e permanente reelaboración e análise crítica.

A Formación Permanente do Profesorado debe realizarse no horario lectivo e con unha distribución do mesmo que permite entre outras tarefas, o traballo en equipo e a reelaboración e o análise sobre a propia labora educativa. E preciso e urgente que se modifique a actual normativa e recoñezase as Comunidades Educativas a posibilidade de establecer o tipo de xornada que lle permita acceder os obxectivos fixados e porque é un paso mais na recuperación desa Autonomía secuestrada por unhas administracións reglamentistas, cos que se pretende acocha-la ausencia de medios, a falta de persoal....

## Horarios, plantillas y financiación

A duración e distribución do horario escolar, debe buscar o máximo aproveitamento e rendimento para o que deba ter en conta:

- Axeita-los períodos de traballo e descanso, fuxindo a ser posible da rutinización burocrática. Tanto uns como outros son períodos educativos.

- Metodoloxías dentro e fora da aula, activa, científica e investigadora, superadora da mera transmisión e recepción pasivas.

A duración do horario escolar pode ser:

- De 22 horas e media a 25 semanais para materias curriculares denominadas "regladas" (de 9 a 13,30 ou de 9 a 15).

- De 10 horas semanais para actividades "non regladas" en función dos intereses e necesidades de cada comunidade (de 14 h. a 18 h.).

A distribución temporal ten que superar a actual mecánica de períodos rixidos de 45, 50 ou 60 minutos, buscando períodos flexibles para a aplicación de metodoloxías activas todo isto según o plan de centro establecido pola Comunidade Educativa. As actividades escolares desenroláanse non só nas aulas senon en canto entorno educativo se considere de interés e reuna as condicións necesarias para o desenvolvemento de actividades de ensino aprendizaxe. Nas actividades non regladas poderan acollerse alumnos de diferentes centros educativos.

A xornada laboral do profesorado está establecida en 35 horas semanais desglosadas na proposta do seguinte xeito.

- De 15 a 18 horas para docencia directa.


- De 7 a 10 horas para coordinación de equipos, departamentos e ciclos, planificación e revisión do traballo. Elaboración colectiva e individual, avaliacións, tutorías, atención de pais...

- Horas de formación do profesorado dentro ou fora do centro.

O persoal dos centros educativos deberá ser incrementado para cubrir todas as necesidades dos servizos prestados. É urgente dotar a todos os centros do correspondente persoal administrativo así como da figura do xerente previsto na LOGSE que libere o actual profesorado de funcións non docentes e posibilite facer da Dirección una función pedagóxica e de coordinación docente e non unha sucursal das Delegacións Provinciais como son agora, na maioría dos casos.

En plena época de restricción do gasto público unha proposta de este tipo parecele a administración educativa que produciría un aumento considerable dos custos educativos que fan inviable o seu plantexamento. Este argumento non se sostén mais aló da desculpa para seguir na rutina.

No eido do financiamento tamen é posible e incluso desexable que os centros educativos dispoñan de autonomía. E certo que as dotacións presupuestarias son cativas: 3,6% do PIB fronte o 6% de media dos países da CEE, pero o carácter de servizo público da actividade educativa posibilita outras vías de financiamento tanto de outras administracións (Concellos, Deputacións, Cultura, Asuntos Sociais, etc.) como donacións de particulares mediante convenios de cooperación establecendo para os Centros Docentes un tratamento fiscal especial.



A xornada única púxose en marcha de forma experimental en Galicia.

□ A TIRA

# Impresentables

□ D.C.

Leva xa máis dun mes de polémica entre notas de prensa, acordos de claustros e decisión unilateral da "autoridade competente" en materia educativa o conflito creado no Instituto de Bachelato de Xinzo de Limia.

Como mínimo o asunto produce vergonza allea. O que en un principio presentábase como un conflito escolar de certa gravidade, con unha pronta actitude sancionadora de conductas que mirensen como se mirensen son merecedoras de sanción con un criterio claramente educativo e restablecedor do necesario clima de respecto e convivencia que debe presidir todo centro de ensino, por obra e gracia dunha desafortunada (?) actuación da inspección e do delegado provincial de Educación convírtese nun conflito social, con moita transcendencia e gravidade, que rebosa con moito o centro e que polo mesmo esixe non só unha sanción académica, senón tamén unha sanción social que como tal corresponde a Administración de Xusticia, que debe intervir no caso.

Ahora xa non só, son os rapaces do colexio os merecedores de sanción, senón tamén os cidadáns que alentan por acción u omisión conductas tipificadas no Código Penal do noso país, xustificando comportamentos vergoñentos, ou aqueles cidadáns que impedirán o cumprimento da función educativa dun centro de ensino, sendo esa a súa fundamental responsabilidade en razón do cargo que ocupan e por riba dos procesos formais os que se acolleron cando a asunto se fixo público.

Son tamén os pais que fixeron deixación da súa responsabilidade educadora en favor de "o que dirán", da súa prepotencia de "señoritos da vila" amosando verdadeiramente o pouco que lle importa a educación dos seus fillos.

Vendo todo iste conxunto de despropósitos enténdese onde está a base social das conductas sancionadas.

O máis asombroso de todo é que naide presentou aínda a dimisión do seu cargo.



Polémica no Instituto de BUP de Xinzo.

□ NOVAS

## Convocada nova folga para o día 7

A asamblea de PNNs acordou un novo día de folga, o día 7, en apoio da apertura de negociacións coa Consellería de Educación e diante da intransixencia amosada polo conselleiro de cara a solucionar a situación de precariedade laboral.

Por outra banda, a asamblea, que tivo lugar o pasado sábado en Santiago, acordou sumarse a convocatoria das centrais sindicais para o día 2 de abril e celebrar o día 7 pola tarde unha nova asamblea.

## O STEG contra a cotización para cobra-lo desemprego

O STEG presentou protestas formais diante do Ministerio de Traballo, Ministerio de Educación e Consellería de Educación polo anuncio do Goberno de esixir 12 meses de cotización para poder percibir o seguro de desemprego.

Máis de 700 traballadores e traballadoras do profesorado interino e contratado non acollidos aos "compromisos de estabilidade" veranse afectados pola medida e non podrán cobra-lo desemprego.

## Nova mesa sectorial de Educación

Quedou constituída en Santiago a nova mesa sectorial de Educación resultante das eleccións sindicais do ensino non universitario. No acto de constitución e diante das demandas sindicais de calendarios de negociacións a Administración abandonou a mesa. Escomenzan con mal pé as relacións Administración-sindicatos.

NOTA

No número 112 de Na Escola non foron publicados os nomes dos autores do artigo "Librolandia ou como sacar os libros dos seus estantes", que son Ana I. González Somoza, Fco. J. Iglesias Gómez e X. César Iglesias Blanco.

□ LIBRO

## Dous anos de agitación política (Basilio Alvarez no Parlamento)

Por sorte para nós son cada vez máis os textos e os traballos de historiadores que estanos a devolver as nosas raíces, que están a axudar a atopar sentido a realidades deica hoxe difícilmente explicables polos silencios interesados.

Basilio Alvarez e o agrarismo son fitos que condicionan a nosa realidade de tal xeito que sin eles resulta difícilmente explicable e, pola contra persoa e obra que resultan dolorosamente descoñecidos para unha gran maioría de galegos.

A edición de Marcos Valcárcel na serie Documentos de Edicións Do Castro, recolle unha primeira parte de contextualización que nos sitúa no persoaxe, na sociedade do seu tempo e no pensamento dun xeito onde a claridade expositiva non altera o rigor e onde se dan as suficientes referencias para aqueles interesados en afondar nestes temas.



### O agrarista ourensán, visto en dúas perspectivas

pleto dos discursos e textos do persoaxe.


Obra imprescindible dende xa para calquer estudioso do líder agrarista ourensán, do seu tempo ou da nosa historia máis recente, resulta unha ledicia para calquer persoa capaz de disfrutar coa lectura, pois o verbo fácil e apaixonado deste fillo predilecto da cidade de Ourense, e os temas que fan unha constante referencia a nosa cidade ou a nosa terra, consiguen enganchar totalmente o lector dende a primeira folia do libro.

Segunda parte

Nunha segunda parte do libro,

recóllense de forma sistemática e literal algunhas das intervencións do Abade de Beiro, primeiro na

propia rúa e logo dentro da súa actividade como parlamentario, para incluír ó final un índice com-



Elaborado por:

## Nova Escola Galega

Coordenan este número:

- E. Xosé Fuentes Abeledo
- David Cortón Lamelas
- M. Glez. Sanmamed

Humor:

Xosé Manuel Andrade

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

